

1.-A orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 50, do 13 de marzo), establece o Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) como Punto xeral de entrada das facturas electrónicas, establecendo que:

Todas as facturas **superiores a 5.000,00.-€**, deberán presentarse a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma, e o seu enlace é:

[https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/)

Non obstante, polas vantaxes e comodidade inherentes ao seu funcionamento, resulta **aconsellable a presentación de todas as facturas**, con independencia do seu importe, no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Xunta de Galicia.

VANTAXES:

- Para o emisor:
  - Integración cos sistemas de información internos.
  - Obtención de información do estado das súas facturas en tempo real.
  - Optimización da xestión da tesourería.
  - Diminución dos custos de tratamento das facturas en papel.
- Para o receptor:
  - Mellora da eficiencia nos procesos de tramitación.
  - Integración cos sistemas de xestión internos, permitindo a integración da información sen erros de transcripción.
  - Diminución dos custos de tratamento das facturas en papel.
  - Mellora na xestión de caixa.
  - Redución de tempos de xestión.

2.-No enlace facilitado no punto 1 dispón de toda a información necesaria para a presentación de facturas en formato Facturae. Así mesmo, no número de teléfono 981 541 300, correspondente ao Centro de Atención a Usuarios (CAU), do Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), poderán resolverlle cantas dúbidas se lle presenten ao respecto para darse de alta no sistema ou durante a presentación da factura electrónica.

3.- Así, para facturar a RETEGAL requirirán os códigos DIR3 de Retegal que se indican a continuación:

OFICINA CONTABLE	ORGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
A12009486	A12009486	A12009486

TRANSPARENCIA